



## **I TROFEO DE ATLETISMO "GERMÁN GONZÁLEZ"**

### **35 ANIVERSARIO ESCOLA ATLÉTICA PEREIRO DE AGUIAR – BEN CHO SHEY REGULAMENTO**

#### **Artigo 1. ORGANIZACIÓN**

A Escola Atlética Pereiro de Aguiar – Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo, organiza o I Trofeo de Atletismo "Germán González".

A competición celebrarase o sábado 18 de abril de 2026, a partir das 16:30 horas, na Pista de Atletismo "Josefina Salgado", situada no Complexo Lúdico – Deportivo de Monterrei, no Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense).

#### **Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO**

Ver ANEXO I

O horario da competición, poderá sufrir modificacións en función do número de participantes inscritos.

Concursos: 4 intentos

#### **Artigo 3. PARTICIPANTES**

Poderán participar todos/as os/as atletas que cumpran os seguintes requisitos:

- Dispor de licenza federativa en vigor para a tempada 2026.
- Estar correctamente inscritos/as no prazo establecido.

A organización poderá establecer limitacións no número de participantes en determinadas probas para garantir o correcto desenvolvemento da competición.

#### **Artigo 4. INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse exclusivamente a través da intranet da RFEA.

Cada atleta poderá inscribirse nun máximo de dúas probas. No caso de realizar a inscrición en máis de dúas probas, esta será rexeitada na súa totalidade.

- Prazo de inscrición: ata as 23:59 h. do domingo, 12 de abril de 2026.

No momento da inscrición os/as atletas deberán indicar a súa mellor marca da tempada 2025/2026, que será utilizada para a elaboración das series.

No caso de que nunha proba se supere o número máximo de participantes, aplicarase o seguinte criterio de prioridade:



- Atletas do club organizador.
- Atletas pertencentes a clubs da provincia de Ourense.
- Resto de atletas inscritos/as.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase na web atletismo.gal a relación de atletas admitidos/as.

#### **Artigo 5. RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os dorsais deberán ser recollidos na Secretaría da Competición polos Delegados/as de cada club.

#### **Artigo 6. CÁMARA DE CHAMADAS**

Todos/as os/as atletas participantes deberán pasar obrigatoriamente pola Cámara de Chamadas antes da súa proba.

O horario de acceso á Cámara de Chamadas publicarase o venres, 17 de abril de 2026, na web atletismo.gal.

#### **Artigo 7. CONTROL TÉCNICO**

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

#### **Artigo 8. PREMIOS**

Establécense os seguintes premios:

- Medalla a todos/as os/as participantes das categorías S8/S10/S12
- Medalla aos 3 primeiros/as clasificados de cada proba.
- Trofeo á mellor marca masculina da competición.
- Trofeo á mellor marca feminina da competición.

A clasificación da mellor marca da competición determinarase segundo a táboa internacional de puntuación de World Athletics, tendo en conta todas as probas incluídas no programa.

Cada atleta poderá optar ao premio coa mellor marca conseguida na súa proba durante a competición.

#### **Artigo 9. NORMATIVA**

En todo o non previsto neste regulamento aplicarase a normativa da:

- Federación Galega de Atletismo (FGA)
- Real Federación Española de Atletismo (RFEA)
- World Athletics (WA)



ANEXO I – PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO

HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO	ATLETAS
16:30	Xavelina	S14/S16/S18/S20	Mixto	12
16:30	Lonxitude	Absoluta	Homes	12
16:30	400 m. v.	Absoluta	Mulleres	8
16:40	300 m. v.	S16	Mulleres	8
16:50	50 m.	S8	Homes	8
16:55	50 m.	S8	Homes	8
17:00	50 m.	S8	Mulleres	8
17:05	50 m.	S8	Mulleres	8
17:10	50 m.	S10	Homes	8
17:15	50 m.	S10	Homes	8
17:20	50 m.	S10	Mulleres	8
17:25	50 m.	S10	Mulleres	8
17:30	Peso	S10/S12	Mixto	12
17:30	Lonxitude	S12/S14	Mixto	12
17:30	60 m.	S12	Homes	8
17:35	60 m.	S12	Homes	8
17:40	60 m.	S12	Mulleres	8
17:45	60 m.	S12	Mulleres	8
17:50	80 m.	S14	Homes	8
17:55	80 m.	S14	Homes	8
18:00	80 m.	S14	Mulleres	8
18:05	80 m.	S14	Mulleres	8
18:15	100 m.	Absoluto	Homes	8
18:20	100 m.	Absoluto	Homes	8
18:25	100 m.	Absoluto	Homes	8
18:30	<b>PREMIACIÓNS</b>			
18:30	Martelo	S14/Absoluto	Mixto	12
18:30	Lonxitude	Absoluto	Mulleres	12
18:30	100 m.	Absoluto	Mulleres	8
18:35	100 m.	Absoluto	Mulleres	8
18:40	100 m.	Absoluto	Mulleres	8
18:50	500 m.	S10/S12	Homes	12
18:57	500 m.	S10/S12	Homes	12
19:04	500 m.	S10/S12	Mulleres	12
19:11	500 m.	S10/S12	Mulleres	12
19:20	1.000 m.	S14/S16	Homes	12
19:30	1.000 m.	S14/S16	Homes	12
19:40	1.000 m.	S14/S16	Mulleres	12
19:50	1.000 m.	S14/S16	Mulleres	12
20:00	1.500 m.	Absoluto	Homes	12
20:10	1.500 m.	Absoluto	Mulleres	12
20:20	100 m.v.	S16/S18	Mulleres	8
20:30	<b>PREMIACIÓNS</b>			